



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Secretaría Xeral

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno. (24 horas) e fax 981 58 44 26

<http://www.sghn.org> correo electrónico: sghn@sghn.org

Sr. Conselleiro
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela

Serafín J. González Prieto, con domicilio a efectos de notificacións no apartado 330, 15780 Santiago de Compostela, na súa cualidade de presidente da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.),

Considerando: Que a Consellería de Medio Ambiente acordou recentemente adicar 560.000 Euros do seu orzamento a subvencionar seguros para actividades de lecer de particulares, concretamente seguros para que os titulares de terreos cinexéticamente ordenados (TECORes, antigos coutos de caza) fagan fronte as reclamacións de responsabilidade civil por accidentes de tráfico ocasionados pola fauna que só eles poden cazar dentro dos seus TECORes.

Que a Consellería de Medio Ambiente comezou recentemente una campaña para incrementar a seguridade dos cazadores durante as batidas de caza, coa distribución gratuíta de chalecos de alta visibilidade.

Solicita: Que a Consellería de Medio Ambiente subvencione tamén seguros para tódolos colectivos de cidadáns que, como os cazadores, adican parte do seu tempo de lecer a actividades na natureza: sendeirismo, montañismo, recollida de cogomelos e froitos silvestres, pesca, observación de fauna e flora, fotografía da natureza, ciclismo de montaña, etc.

Que a Consellería de Medio Ambiente distribúa tamén gratuitamente entre os devanditos colectivos chalecos de alta visibilidade que axuden a reducir o seu perigo de ser vítimas inocentes de accidentes de caza.

É xustiza que espera obter.

En Santiago de Compostela a 14 de decembro de 2004.